



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11 DE XULLO DE 2022

### **1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00035624M.**

#### **Aprobación de actas de sesións anteriores.**

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Extraordinaria – urxente de data 30 de xuño de 2022.
- Ordinaria de data 4 de xullo de 2022.

### **2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00054551F.**

#### **Licenza proxecto básico para construción de vivenda unifamiliar en LG Pereiro.**

Acórdase conceder licenza para o proxecto básico presentado o 30/11/2021 e a documentación presentada o 04 e 11/03/2022 e o 01/07/2022, cun orzamento de execución material de 112.475,15 euros. O proxecto básico refírese a construción dunha vivenda unifamiliar na finca sita no Lugar de Pereiro Santiago de Compostela (A Coruña).

### **3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00001292L.**

#### **Licenza para a construción de vivenda unifamiliar, piscina e cerrume de parcela na Rúa Redondelo.**

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente, cun orzamento de execución material de 135.040,00 euros e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 21/12/2020 e a documentación presentada o 13 14/04/2021 e o 10/02/2022, a construción de vivenda unifamiliar, piscina e cerrumes de parcela situada na Rúa Redondelo Santiago de Compostela (A Coruña).

### **4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00017422**

#### **Licenza de obras de reforma da nave industrial para modificación de oco de fachada e demolición parcial de forxado na Rúa Via La Cierva, 6.**

Acórdase:

PRIMEIRO.- CONCEDER a SANJURJO ALONSO, S.L. licenza de OBRAS DE REFORMA de nave industrial para modificación do oco de fachada e demolición parcial de forxado na RÚA VÍA LA CIERVA, 6, segundo Proxecto técnico co visado do COAG de data 06/04/2022, cun orzamento de execución material de 10.525 €, baixo a dirección de obra da proxectista. As actuacións consistirán na modificación do oco do portón existente na fachada principal da nave, previa demolición parcial do forxado. A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza industrial do Plan Parcial do Polígono do Tambre.

### **5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00054007S.**

#### **Licenza para a reconstrución de edificación tradicional e demolición de edificación auxiliar no LG Sionlla,8B.**

Acórdase CONCEDER licenza de obras para reconstrución de edificación tradicional e demolición de edificación auxiliar no lugar da Sionlla núm. 8 B, Santiago de Compostela, segundo Proxecto

técnico co visado do COAG de data 23/07/2021, cun orzamento de execución material de 16.480 €. As obras consistirán na demolición de galiñeiro e reconstrución de pendello de planta baixa cunha ocupación de 45,26 m<sup>2</sup> e altura de 2,38 metros de altura. A edificación está situada en solo clasificado como de núcelo rural urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza 13 do PXOM.

**6. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00048854Z.**

**Ampliación da execución do contrato de servizos para o desenvolvemento dun sistema de control e predición de aspectos críticos da mobilidade no centro e no casco histórico de Santiago de Compostela.**

Acórdase:

Primeiro.- Ampliar ata o 1 de outubro de 2022 o prazo da execución do contrato de servizos para o desenvolvemento dun sistema de control e predición de aspectos críticos da mobilidade no centro e no casco histórico de Santiago de Compostela ao abeiro do art. 195 da LCSP co fin de que por parte da empresa se finalice a totalidade dos traballos, sen prexuízo da incoación do correspondente procedemento de imposición de penalidades por posibles incumprimentos ao abeiro do establecido no anexo XIV do prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo.- Notificar este acordo a KAPSCH TRAFFICCOM TRANSPORTATION S.A., que deberá presentar con carácter inmediato unha nova planificación dos fitos pendentes, en atención á nova data de remtade do contrato.

**7. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00031131C.**

**Cambio de denominación social da sociedade FERROVIAL SERVICIOS, SAU que pasa a denominarse SERVEO SERVICIOS, SAU.**

Tómase razón do cambio de denominación social da sociedade FERROVIAL SERVICIOS, SAU que pasa a denominarse SERVEO SERVICIOS, SAU, de tal xeito que toda clase de dereitos e obrigas pendentes e futuras que a vinculen con este Concello entenderanse coa sociedade SERVEO SERVICIOS, SAU, SAU, e domicilio social na rúa Quintanavides, núm. 21, 28050 Madrid.

**8. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/108.**

**Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varias empresas en concepto de mantemento e servizo de subministración para ascensores nas diferentes dependencias municipais correspondentes a varios períodos durante os meses de xaneiro e abril do ano 2022.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL CENTO CINCO EUROS CON VINTE E CINCO CÉNTIMOS (1.105,25 €) segundo relación contable de facturas S/2022/108 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2022/1494 por importe de 24,99 euros emitida pola empresa SCHINDLER, SA e remata pola número F/2022/2003 por importe de 24,99 euros emitida pola empresa SCHINDLER, SA.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

**9. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/115.**

**Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varias empresas en concepto de mantemento e servizo de subministración para ascensores nas diferentes dependencias municipais correspondentes a varios períodos durante os meses de xaneiro e marzo do ano 2022.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CATRO MIL CINCUENTA E UN EUROS CON SESENTA E OITO CÉNTIMOS (4.051,68 €), segundo relación contable de facturas S/2022/115 que se achega no expediente, e que comeza pola factura

número F/2022/913 por importe de 62,52 euros emitida pola empresa SCHINDLER, SA, e remata pola número F/2022/1539 por importe de 855,41 euros emitida pola empresa ASCENSORES ENOR, SL.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

**10. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/117.**

**Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varias empresas en concepto de subministración de gas natural e de gasóleo para as distintas dependencias municipais correspondentes a varios períodos entre decembro do ano 2021 e abril de 2022.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CATRO MIL DOUSCENTOS SESENTA E SETE EUROS CON SETENTA CÉNTIMOS (4.267,70 €), segundo relación contable de facturas S/2022/117 que se achega no expediente, e que comeza pola núm. F/2022/1388 por importe de 1.221,93 euros emitida por Gas Natural Comercializadora, SA. e remata pola núm. F/2022/1547 emitida por Naturgy Iberia, SA.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

**11. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA**

**ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: Omisión función interventora relación S/2022/107.**

**Omisión función interventora relación facturas S/2022/107.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de SEIS MIL NOVECIENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON VINTEOITO CÉNTIMOS (6.954,28 €) que comeza pola factura número F/2022/989 por importe de 53,70 euros, e remata pola número F/2022/2205 por importe de 3,04,27 euros, todas elas en concepto de mantemento e consumo copias das fotocopadoras en varios departamentos municipais correspondentes a varios períodos entre os meses de decembro do ano 2021 e abril do ano 2022.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

**12. DEPORTES. Referencia: 3505 - fras. marzo/abril.**

**Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas F/2022/1563 e F/2022/1984 (relación contable S/2022/119) emitidas pola mercantil Prezero España S.A.U. (anteriormente Cespa Compañía Española de Servicios Públicos Auxiliares, S.A.), en concepto de servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol municipais e zonas verdes anexas ás instalacións deportivas adscritas á xestión do departamento municipal de deportes, correspondente aos meses de marzo e abril do ano 2022.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente, polos gastos derivados da continuidade do servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol municipais e zonas verdes anexas ás instalacións deportivas adscritas á xestión do departamento municipal de deportes, correspondente aos meses de marzo e abril do ano 2022

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de VINTESEIS MIL CINCOCENTOS VINTEOITO EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (26.528,34 euros) considerando a suma das facturas F/2022/1563 e F/2022/1984 (relación contable S/2022/119), a favor da empresa PREZERO ESPAÑA S.A.U., imputándose a súa totalidade á aplicación orzamentaria 090 34200 2120101 do orzamento vixente.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

**13. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2022/00023624B.**

**Aprobación do nomeamento do Xurado do Premio Exeria a proxectos de creación literaria 2022.**

Acórdase:

1. Nomear como membros do xurado do Premio Exeria de proxectos de creación literaria SELIC ás seguintes persoas:

- Antonio Rodríguez López
- Francisco Macías Macías
- Celia Recarey Rendo

2. Designar como secretario a Xesús Amado Reino, técnico de programación cultural da concellería de Acción Cultural.

**14. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00030492Y.**

**Proposta relativa á xustificación das axudas para actividades culturais do sector profesional 2021.**

Acórdase:

1. Aceptar a renuncia da subvención presentada por 8 entidades.
2. Excluir a unha entidade por non presentar xustificación.
3. Recoñecer a obriga económica correspondente á xustificación realizada por un importe total de **413.565,22** euros a repartir entre 23 entidades.
4. Anular o crédito restante por importe de 141.427,68 euros repoñendo o saldo na aplicación orzamentaria 2022 050 33400 4790101.

**15. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00020001A.**

**Aprobar parcialmente a xustificación do convenio de colaboración asinado o 28 de Xullo de 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidades Mentais de Galicia (FEAFES) para o ano 2021.**

Apróbase parcialmente a xustificación do convenio de colaboración asinado o 28 de Xullo de 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidades Mentais de Galicia (FEAFES) para o ano 2021, e o recoñecemento da obriga, pola contía de cincuenta e nove mil seiscentos catorce euros con corenta e catro céntimos de euro (**59.614,44 €**), con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800017 nº de referencia 22021004266 e nº de operación: 220210017434 (16/05/2022) reflectida no orzamento xeral para o ano 2022

**16. LINGUA GALEGA. Referencia: 2022/00017511Q.**

**Toma de razón da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación Correlingua que rexe a concesión dunha subvención nominativa para o proxecto Correlingua en Compostela 2022 e autorización e disposición do gasto.**

Acórdase:

1. Tomar razón da sinatura do convenio polo que se concede a subvención nominativa de 2.500 euros prevista no orzamento xeral do exercicio 2022 para a actividade Correlingua en Compostela 2022 á Asociación Cultural Correlingua.
2. Autorizar e disponer o gasto de **2.500 euros** con cargo á aplicación 080-33402- 4890001 para a devandita subvención nominativa.

**17. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00035170B.**

**Dar conta da sentenza recaída no procedemento PA 78/2022 CA1.**

Dase conta da sentenza nº 254/2022 / PA 078/2022 CA1

Obxecto: revogación do permiso para estacionamento reservado por uso fraudulento do mesmo.

A sentenza desestima a alegación municipal de falta de lexitimación do demandante (o permiso está a nome da súa filla, e non acredita patria potestade).

Con respecto ao fondo do asunto, non obstante o recoñecemento dos feitos por parte do demandante (que estacionou o vehículo en espazo reservado para ir ao seu despacho profesional a deixar un maletín), o Xulgado estima o recurso por dúas razóns:

1. Porque a revogación ditouse sen a previa notificación da incoación do expediente, co seguinte trámite de alegacións.

2. Porque a pesares da indeterminación do artigo 20 da Ordenanza ORA, o seu artigo 35.3 e o artigo 32.5 da Lei 10/2014, de accesibilidade esixen un uso fraudulento e reiterado do uso da tarxeta para a súa retirada.

Xa que logo, o feito único é insuficiente para esa sanción, sen prexuízo da multa que por dita causa poida impoñerse.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Tráfico para a súa execución.

#### **18. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00035385L.**

##### **Dación de conta da sentenza recaída no Procedemento Abreviado 88/2022 CA1.**

Dase conta da sentenza nº 257/2022 7 PA 088/2022 CA1

Obxecto: sanción por incumprimento do deber de identificación do condutor infractor.

A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

A sentenza estima a excepción procesual presentada polo Concello, sen entrar no fondo do asunto: o recurso contencioso foi interposto máis de dous meses despois da notificación da sanción, é dicir fóra de prazo. Contra esta resolución non cabe interpoñer recurso de apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Tráfico para o seu coñecemento.

#### **19. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00035624M.**

##### **Dar conta das Resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.**

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 1 ao 7 de xullo de 2022.